

## BASES DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “OBRADOIRO DUAL PORTAS DE GALICIA III” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN EMPREGO E IGUALDADE.

### PRIMEIRA. Obxecto

Estas bases teñen como finalidade, de acordo co previsto nos artigos 10, 11, 12 e 13 da Orde do 21 de abril de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, establecer o procedemento selectivo, o perfil, as características e requisitos das persoas candidatas, as convocatorias e o baremo que se aplicará na selección das persoas que serán contratadas para como persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego Portas de Galicia III, promovido polo Concello de Viana do Bolo en colaboración cos Concellos de Vilariño de Conso, A Gudiña e Riós.

Na regulación deste procedemento de selección tense en conta ademais o establecido nas instrución en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, de data 26/04/2022.

Segundo o establecido nas instrucións, as entidades beneficiarias da subvención solicitarán ao alumnado traballador que se necesite mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego.

Estas bases deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade promotora, e concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se exporán na oficina de emprego correspondente.

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**



## SEGUNDA. Requisitos para poder participar como alumnado trabajador.

Os requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas, son os seguintes:

- Ter dezaeito ou máis anos de idade e non superar a idade máxima establecida na normativa vixentes no momento de selección do alumnado para a xubilación.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións.
- Cumprir cos requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, coa normativa laboral vixente no momento da contratación, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde de convocatoria da subvención.
- Como a formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 1, as persoas candidatas terán que cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
- Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas eu entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.



- Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data de inicio do proxecto.
- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego **NON** poderá optar á selección para recibir formación **no mesmo certificado de profesionalidade**, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non apto. **En todo caso, terán preferencia sobre o resto de candidatos as persoas que non tiveran realizado ningún obradoiro de emprego.**

**Pasarán a ocupar os últimos lugares da lista as persoas que tendo participado noutro obradoiro, opten a un certificado de profesionalidade distinto ao que xa tiveran accedido.**

### **TERCEIRA. Procedemento de selección.**

A entidade promotora realizará a selección entre as persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego, que realizará a comunicación das persoas preseleccionadas.

A oficina de emprego de xestión realizará unha sondaxe que terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos:

320: Escola taller programas

330: Casa de oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego formación dual

As ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”.

No correspondente ao ámbito xeográfico, a sondaxe abranguerá aos concellos de Viana do Bolo, Vilariño de Conso, A Gudiña e Riós.

A oficina de emprego comunicará aos candidatos o lugar, data e hora en que se deberán presentar coa documentación acreditativa dos méritos sinalados nestas bases e para a realización da entrevista persoal.

As persoas aspirantes achegarán orixinais e fotocopias da seguinte

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**



documentación:

- DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Figurar como desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego.
- Documentación acreditativa emitida polos Servizos Sociais do Concello correspondente de ter a consideración de vítima de violencia de xénero, ou ser perceptor de Risga.
- Xustificante de ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- Documentación acreditativa de non percibir prestación ou subsidio de desemprego e do último período.
- Informe de vida laboral actualizada.
- Documentación que acredite o nivel de estudos acadados, **incluídos** certificados de profesionalidade obtidos e superados coa realización dun obradoiro con anterioridade.
- Calquera outra documentación que se achegue como xustificación da situación do baremo puntuado nesta fase da selección.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III



- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde de convocatoria.

#### **CUARTA.- Constitución, composición e funcións da comisión de valoración**

1. Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 59 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e no artigo 60 do TREBEP. Constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, tendendo á paridade entre homes e mulleres.
2. En base ao establecido na Lei 2/2015 do empregado público de Galicia, estará integrado por un Presidente/a e catro vogais, dos cales un actuará en en calidade de secretario/a, titulares e suplentes, sendo todos eles empregados públicos, pertencentes a un corpo ou escala ou categoría para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, nin os funcionarios interinos e o persoal eventual.
3. A pertenza ao Tribunal Cualificador será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.
4. A comisión de valoración está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.
5. A comisión de valoración non poderá constituírse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.





6. O réxime xurídico aplicable á comisión de valoración será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7. Os membros da comisión de valoración deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas nas leis.

8. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente e limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

9. O Tribunal queda facultado para requirir aos aspirantes para que presenten a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria.

10. No réxime de recursos e revisións contra os actos e decisións do Tribunal estarase ao disposto no Título V da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **QUINTA. Resolución do proceso selectivo e contratacións.**

1. Os contratos de traballo serán formalizados polo Concello de Viana do Bolo, como entidade promotora coas persoas seleccionadas. Terá carácter temporal, cunha duración de 12 meses a xornada completa e coincidente coa duración do obradoiro aprobado.

2. Consistirá nun total de 20 persoas alumnas traballadoras dos cales corresponden a cada Concello participante as prazas que se indican a continuación:

- a. Concello de Viana do Bolo: 5 alumnos
- b. Concello de Vilariño de Conso: 5 alumnos
- c. Concello de A Gudiña: 5 alumnos
- d. Concello do Riós: 5 alumnos

No suposto de que algún dos concellos non cubrira a aportación do alumnado asignado, as prazas non cubertas incrementarán as asignadas á

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**



entidade promotora, segundo acordo firmado entre os concellos participantes neste obradoiro.

3. A comisión de valoración elaborará en primeiro lugar a listaxe coa relación das persoas candidatas que superasen a entrevista persoal.

A acta cos resultados será publicada e exposta no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Viana do Bolo.

4. Nunha nova reunión a comisión de valoración procederá á valoración segundo o baremo de puntuación da documentación aportada dos candidatos, a cal se publicará nunha acta provisional. Na antedita acta constará un prazo de 2 día hábiles para os efectos de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamacións presentaranse nas oficinas do Concello de Viana do Bolo.

5. Unha vez concluído o proceso de selección, a comisión de valoración publicará o nome dos candidatos propostos para o nomeamento, por orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.

6. De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademais da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados. O alcalde nomeará ós aspirantes seleccionados, e efectuaranse as formalizacións dos correspondentes contratos laborais.

7. En ningún caso a comisión de valoración poderá propor para a contratación un maior número de aspirantes que prazas convocadas.

8. Coas persoas candidatas que superasen as probas farase unha lista de contratación e reserva, por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade a finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.

9. Para efectuar esta proposta, a comisión de valoración poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

### **SEXTA. Baremos do proceso selectivo.**

Segundo os criterios establecidos no artigo 11.2 da da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**



establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, "na oferta de emprego que se tramite terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizaranse aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

Ademais, priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

Os méritos que se valorarán son os seguintes:

1. Emigrantes retornados: 1 punto
2. Mulleres (máximo 2 puntos):
  - En xeral..... 1 punto.
  - Vítimas de violencia de xénero..... 1 punto.
3. Protección do desemprego:
  - Perceptores de prestación por desemprego ..... 1 punto.
  - Perceptores de subsidios ..... 2 puntos.
  - Non perceptores ..... 3 puntos.
4. Parados de longa duración (máximo 2 puntos):
  - parados de máis de 12 meses ata 18 meses: 1 punto.
  - parados de máis de 18 meses: 2 puntos.
5. Idade: (máximo 3 puntos):

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**





- 18-29 anos..... 1 punto.
  - 30-44 anos ..... 2 puntos.
  - 45 ou mais anos..... 3 puntos.
6. Categoría profesional (máximo: 3 puntos):
- Grupos de cotización do 1 ao 7 ..... 0 puntos.
  - Grupos de cotización do 8 ou 9 ..... 1 punto.
  - Grupo de cotización 10 ..... 2 puntos.
  - Sen emprego anterior ..... 3 puntos.
7. Discapacidade:
- Minusvalía  $\geq$  33%..... 1 punto.
- (que non lle impida o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións).
8. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social. (máximo 1 punto)
- Perceptores da RISGA .....1 punto.
9. Personas que non participaran anteriormente en obradoiros de emprego..... 3 puntos.
10. Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción (IPI) a súa participación neste programa..... 3 puntos.
11. Entrevista persoal (máximo 4 puntos): ten como finalidade avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo que se trate.
12. Responsabilidades familiares/ unidade familiar de convivencia (acreditado mediante certificado ou informe de convivencia):
- Unidade familiar: compútase ao candidato/a e os fillos que convivan con él/ela de 4 ou máis ..... 1 punto.
  - Familia monoparental con fillo/s ou filla/s convivindo coa persoa candidata ..... 2 puntos.

As persoas candidatas cumprimentarán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade,



que terá o valor de declaración de presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

De acordo coa Lei 39/2015, o Concello poderá almacenar os datos e documentación presentada polos candidatos para utilizala neste proceso selectivo.

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveranse aplicando os seguintes criterios:

- 1º. Elixirase a/o candidato/a que non teñan experiencia laboral, ou de tela, a persoa candidata con menor experiencia.
- 2º. Elixirase a/o candidato/a que non teña cualificación profesional, ou de tela, a persoa candidata menor nivel de cualificación.
- 3º. Desempregados con maior tempo en situación de desemprego.
- 4º. Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

Serán propostos para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. As restantes formarán a listaxe de reserva, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

De conformidade co artigo 14 da Orde de convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas pola comisión de valoración. As súas resolución poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas.

### **SÉTIMA. Recursos.**

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### **ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA**

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**



persoal para o O.E. DUAL PORTAS DE GALICIA III, no posto de \_\_\_\_\_ por un prazo máximo de doce meses de duración, de conformidade coa subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través de chamamento da Oficina de Emprego de Viana do Bolo.

**DECLARA**

- Que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Viana do Bolo e as especialmente sinaladas nesta convocatoria.
- Que acepto as bases.
- Que autorizo ao Tribunal de Selección e aos Concellos participantes no Obradoiro Dual de Emprego Portas de Galicia II, a publicar os meus datos nas actas, listaxes ou calquera outro documento que resulte do proceso.

DNI: \_\_\_\_\_ NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

DOMICILIO ENDEREZO: \_\_\_\_\_

CONCELLO CÓDIGO POSTAL PROVINCIA \_\_\_\_\_

No caso de ser candidato ao posto de alumnado traballador, marcar a preferencia de formación:

- (AGAR0309) Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes
- (EOCB0208) Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas

..... de ..... de 2023.

(SINATURA)

PROTECCIÓN DE DATOS: De acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámoslle de que os seus datos persoais forman parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Viana do Bolo, con domicilio social en Rúa Constitución, 14, 32550 Viana do Bolo (Ourense). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o concello. Se o desexa poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ó enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI. Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a/ou cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección da bolsa de emprego (de ser o caso).

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello así como na súa páxina web, aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADES**

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**



D/Dona \_\_\_\_\_ con data de nacemento \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ e con domicilio en \_\_\_\_\_ (teléfono \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_) ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Viana do Bolo,

**DECLARO baixo a miña responsabilidade,**

**Primeiro.-** Non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade, aos efectos previstos no artigo dez da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

**Segundo.-** Non vir desempeñando ningún posto o actividade no sector público nin realizo actividades privadas incompatibles ou que requiran recoñecemento de compatibilidade, aos efectos do artigo 13.1 do Real Decreto 598/85, de 30 de abril.

**Terceiro.-** Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

**Cuarto.-** Non padecer enfermidade ou limitación e defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ó posto de traballo.

E para que conste aos efectos de solicitude do/s posto/s de traballo ofertados, firmo a presente declaración, en \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**ANEXO III  
RELACIÓN DE DOCUMENTOS ÓS EFECTOS DA SÚA VALORACIÓN**

D/Dona \_\_\_\_\_ con data de nacemento \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ e con domicilio en \_\_\_\_\_ (teléfono \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_) ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Viana do Bolo, ACHEGO a seguinte documentación:

- 1.
- 2.

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**



3.

4.

En \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

Asdo.: \_\_\_\_\_

O Alcalde,

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

**OBRADOIRO DUAL  
PORTAS DE GALICIA III**

